



Hemisferio Norte




www.agrupacionio.com  
 info@agrupacionio.com

Hemisferio Sur



MUSEOS CIENTÍFICOS

MAPA DO CEO



Estrelas  
 Eclíptica  
 Constelacións  
 Estrela RosalíadeCastro

Rutas do Carro  
 Triángulo de verán  
 Hexágono de inverno

"A ciencia hai que Sabela"

CEIP PLURILINGÜE DE RUBIÁNS



UN DÍA CON ESTRELA




23F  
 DÍA DE ROSALIA

As estrelliñas todas  
 que aló no espazo están,  
 sorrindo nos miraban  
 con soave craridá

Cantares gallegos  
 Rosalía de Castro

Ou ti!, roxa estrela  
 que din que comigo naciche,  
 poideras por sempre apagarte,  
 xa que non pudeche  
 por sempre alumarme...!

Follas Novas, Rosalía de Castro



Constelacións visibles dende os hemisferios Norte e Sur.

# A Rosalía

Do mar pola orela  
mireina pasar,  
na frente unha estrela,  
no bico un cantar.


Manuel Curros Enríquez



# Follas Novas

As noites son tranquilas e serenas,  
craro é sempre o luar,  
por antre as tellas entran os seus raios  
i hastra ó meu leito van,  
i así durmo alumado pola lámpara  
que ós probes lle luz dá.  
Lámpara hermosa, eternamente hermosa,  
consolo dos mortais.

Rosalía de Castro



## A estrela Rosaliadecastro

A nosa escritora máis universal ten, dende o 17 de decembro de 2019, unha estrela que leva o seu nome. A estrela Rosaliadecastro é unha anana amarela parecida ao noso Sol situada a 240 anos luz de nós.

## O exoplaneta Ríosar

Un exoplaneta é un planeta que se atopa fóra do Sistema Solar. O exoplaneta Ríosar foi descuberto en 2005. É un xigante gasoso un pouco maior que Xúpiter que orbita a oito millóns de quilómetros da súa estrela (a 0.05 veces do que tarda a Terra en dar a volta ao Sol): tarda só 4,1 días en dar unha volta completa arredor dela. Se aparecen outros planteas orbitando a estrela levarían o nome de topónimos relacionados coa poeta: Bastabales, Lestrove, Conxo, Iria...

## Como podo ver a estrela Rosaliadecastro?

A estrela Rosaliadecastro atópase na constelación de Ofiúco, o Serpentario.

O seu tamaño permítenos vela con prismáticos en ceos escuros. Xa é visible nestas datas, pero se o facemos no verán xa podemos observala nas primeiras horas da noite mirando a Marfiko cara ao sur.

## Curiosidades

- A noite que naceu Rosalía, o 23 de febreiro de 1837 ás 4 da madrugada, a estrela que leva o seu nome era visible no firmamento.
- Ou ti!, roxa estrela/que din que comigo naciche(...). Cando naceu Rosalía, Marte tiña un brillo especial, polo que quixo reflectilo na súa obra Follas Novas.